

## ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

<b>Dirección do proxecto</b>	
Nome: Carmen Vázquez Pampín	
Enderezo electrónico: cvazquez@uvigo.es	Teléfono: 986 812 450
<b>Co-dirección do proxecto</b>	
Nome:	
Enderezo electrónico:	Teléfono: 986 812 450
<b>Bienio</b>	2020 - 2022
<b>Número de participantes (máx. 4)</b>	

### Título

E ti, como escolles?
----------------------

### Resumo

Estase a organizar a cea final do instituto, o restaurante e o prezo do menú xa están decididos, pero agora temos que escoller entre dúas ofertas de menú diferentes. En ambos nos ofrecen os mesmos entrantes e a mesma variedade de sobremesas, así como 3 posibilidades diferentes para o prato principal. Agora debemos expresar a nosa preferencia individual entre os dous menús, elixirase o que teña máis votos e será o mesmo día da cea cando cada un de nós especifique que prato principal escollemos entre os ofrecidos no menú seleccionado.

Por outra banda tamén estamos a organizar a celebración do Entroido. Na nosa clase imos escoller agora cal será o tema deste ano. Hai dúas propostas, cada unha delas inclúe unha lista de personaxes posibles. Debemos indicar cal é o noso tema preferido, sabendo que, unha vez que o grupo elixiu o máis votado, asignaráselle por sorteo o personaxe da lista que corresponde a cada un.

Usas os mesmos criterios para decidir que menú prefires que decidir o tema do entroido polo que votarás? Que criterios segue un consumidor para comparar os grupos de consumidores? Que estrutura e propiedades se agochan detrás destas decisións?

### Obxectivo

O obxectivo deste proxecto é o estudo formal da relación das preferencias dos consumidores sobre as alternativas que se poderían ofrecer, así como as estruturas, propiedades e características que corresponden a un sistema de comparación de conxuntos de consumo.

### Plan de traballo

--